

17 de abril de 2009
venres · 19:30 H.
Auditorio do Conservatorio
Superior de Música da Coruña

Javier Ares Espiño · piano

NOTAS AO PROGRAMA

As obras que forman este programa son de tres autores moi distintos en canto ó estilo musical que presenta cada un deles, pero que teñen en común o seu papel de referentes musicais da súa época e a súa gran influencia sobre toda a música do pasado século, o que os levaría a converterse en clásicos do século XX

Debussy foi un innovador que revolucionou as formas pianísticas e orquestrais, deixounos unha música chea de brillantes cores e finas texturas. Un bo exemplo da súa produción pianística son os dous libros de Images, que forman a primeira parte do recital, escritas respectivamente en 1905 e 1907. As Images ilustran un novo modo de escritura para o piano no que as melodías e os acompañamentos están totalmente imbricados.

Ao igual que na obra de Debussy, as cores teñen unha especial relevancia na música de Alexander Scriabin, este compositor ruso poseía, supostamente, a habilidade de percibir mediante un sentido estímulo normalmente percibidos por outro sentido. Esta facultade que recibe o nome de sinestesia, permitíalle a Scriabin oír cores. Comeza a segunda parte do recital cunha obra especialmente significativa dentro do amplo repertorio pianístico deste compositor como é o nocturno op 9 nº2.

A danza ocupou un lugar importante na produción de Debussy, a súa obra Prélude à l'après-midi d'un faune foi coreografiada e interpretada en 1912 polo bailarín ruso Vaslav Nijinsky cō patrocinio do empresario de ballets Sergéi Diaghilev. Para este empresario tamén compuxo varios ballets Sergei Prokofiev, autor do ballet Romeo e Xulieta que é unha adaptación do clásico teatral do dramaturgo inglés William Shakespeare. Conclúe o recital con tres pezas da transcripción pianística realizada polo propio autor da devandita obra.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Conservatorio Superior de Música da Coruña

1ª PARTE

C. DEBUSSY

Images libros I/II

(I) Reflects dans l'eau · Hommage à Rameau · Mouvement

(II) Cloches à travers les feuilles
Et la lune descend sur le temple qui fut · Poissons d'or

2ª PARTE

A. SCRIBIN

Nocurno en re bemol maior, op 9 nº 2

S. PROKOFIEV

Romeo e Xulieta

Escena · A moza Xulieta · Os montesco e os capuleto

Javier Ares Espiño, nado en Ourense en 1979, comeza os seus estudos de piano no Conservatorio de Betanzos, continuando no Conservatorio Superior de A Coruña baixo a dirección de Natalia Lamas. Ao longo dos seus estudos obtivo varias Matriculas de Honra, así como Mención de Honra Fin de Grao Medio e Mención de Honra Fin de Grao Superior. Realizou cursos de perfeccionamento pianístico cós profesores Mariana Gurkova, Josep Colom, Guillermo González, Domenico Codispoti e Luca Chiantore e de música de cámara con Luis Rego. Posteriormente amplía os seus estudos no centro de ensinanza musical Katarina Gurska recibindo clases dos pianistas Alexander Kandelaki e Nino Kereselidze.

Desenrola unha ampla actividade dentro da música de cámara en diversas formaciónes, participando en varias ocasións no ciclo Xeración 2000+ ou no XVII ciclo de intérpretes internacionais organizado por Xuventudes Musicais de Vigo dentro dos grupos de cámara Ensemble Logos (cuarteto de corda e piano) e Ensemble Poulenc 2007 (quinteto de vento e piano). Realizou múltiples recitais en diversas formaciónes de dúo, entre eles destacan os que realizou có tubista Gene Pokorny, có trombonista James Markey ou có flautista Hervé Hotier.

Forma có pianista Jorge Briones o dúo de pianos Scaramouche. Tamén destacable son unha serie de recitais de piano que ofreceu por toda a xeografía galega cun programa de música rusa do século XX, formado por sonatas de Scriabin, Rachmaninov e Prokofiev. Asemade, participou no prestigioso Festival Are More realizando un recital dentro do ciclo da integral das sonatas de Mozart.

Dende 2001 traballou no Conservatorio Superior de Música de Vigo e actualmente é profesor de piano e pianista acompañante no Conservatorio Superior de Música de A Coruña.